

ANEXO III
REF.: 2015/CP/150
MODELO DE CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: EM2013/052			
Título: Simulación numérica de problemas hidroacústicos de alta frecuencia en medios mariños-SIMNUMAR			
CENTRO: Facultade de Informática			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática, 09:00 a 14:00 e 15:00 a 17:30 horas, de luns a venres			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL (ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado <input type="checkbox"/>		Investigador en formación <input checked="" type="checkbox"/>	
Técnico de apoio á investigación <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico administrativo <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	
DURACIÓN	6 meses	DATA APROX. DE INICIO	01/01/2016
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.212,02 €/mes (incluído prorrateo pagas extras)			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 61.40 242415 541A 6490200			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Grao ou licenciatura en Matemáticas
EXPERIENCIA: Valorarase a experiencia en tarefas de investigación altamente especializadas na simulación numérica de propagación de ondas en réxime de medias e altas frecuencias como a modelización e a análise matemática de problemas fluído-estrutura en réxime harmónico
OUTROS REQUISITOS: a) Inglés fluído falado e escrito (nivel mínimo similar a B1). b) Estar matriculado nun programa de doutoramento do SUG

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: por correo electrónico a yparajo@udc.es
PRAZO: 10 días desde a publicación desta convocatoria no taboleiro da sede electrónica da UDC
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DO CONTRATO: Taboleiro do departamento de matemáticas (Facultade de Informática, Campus de Elviña)

CRITERIOS E ÓRGANO DE SELECCIÓN

CRITERIOS: Valoración do currículo e posibilidade de entrevista persoal. Na memoria anexa detállase o desglose das puntuacións dos distintos aspectos a valorar.
ORGANO: Andrés Prieto Aneiros (Investigador principal do proxecto)

A Coruña, 21 de outubro de 2015
O INVESTIGADOR PRINCIPAL

 NOMBRE PRIETO ANEIROS
 ANDRES - NIF 32685626G

Firmado digitalmente por NOMBRE PRIETO ANEIROS ANDRES
 - NIF 32685626G
 Nombre de reconocimiento (DN): cn=ES, o=FNMT, ou=FNMT
 Clase 2 CA, ou=500070015, cn=NOMBRE PRIETO ANEIROS
 ANDRES - NIF 32685626G
 Fecha: 2015.10.21 12:31:58 +02'00'
Asdo.: Andrés Prieto Aneiros
Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO PROXECTO

Título: Simulación numérica de problemas hidroacústicos de alta frecuencia en medios mariños - SIMNUMAR

Referencia: EM2013/052 (Xunta de Galicia)

Investigador Principal: Andrés Prieto Aneiros

Resumo do proxecto: O proxecto SIMulación NUMérica de problemas hidroacústicos de alta frecuencia en medios MARIños - SIMNUMAR ten como principal obxectivo o deseño e a aplicación de novas ferramentas de simulación numérica aos problemas de propagación de ondas acústicas no réxime de alta frecuencia en medios complexos mariños.

DETALLES DA CONVOCATORIA

Tarefas a realizar: Atendendo aos obxectivos específicos deste proxecto, na duración do contrato de traballo realizaranse as seguintes tarefas:

(1) Modelización matemática do medio mariño fluído (mediante o uso de modelos de fluído compresible isentrópico ou isoterma) e a aplicación de modelos clásicos estruturais da mecánica cos que plantear un problema acoplado fluído-estrutura en réxime harmónico.

(2) Desenvolvemento dun novo procedemento de simulación numérica eficiente e robusto para aproximar de forma precisa o movemento harmónico dos campos de velocidade e presión en problemas de alta frecuencia nun problema fluído-estrutura (baseado en métodos de partición da unidade combinados con elementos finitos).

Xustificación da duración do contrato: O tempo para desenvolver este traballo é de 6 meses e comprender os dous obxectivos que se enumeraron nas tarefas a realizar.

Requisitos dos candidatos: Os candidatos/as deben posuír un grao ou licenciatura en Matemáticas e estar matriculado nun programa de doutoramento do SUG. Valorarase a experiencia en tarefas de investigación altamente especializadas na simulación numérica de propagación de ondas en réxime de medias e altas frecuencias como a modelización e a análise matemática de problemas fluído-estrutura en réxime harmónico.

Critérios e valoración de méritos:

- Expediente académico do grao ou licenciatura en Matemáticas (máx. 1 puntos)
- Expediente académico dun mestrado universitario na área de Matemáticas (máx. 2 puntos)
- Experiencia en tarefas de investigación, cunha duración mínima dun ano (máx. 3 punto)
- Cursos recibidos directamente relacionados coas tarefas a realizar (máx. 1 puntos)
- Coñecementos de inglés (máx. 1 punto)
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario (máx. 2 puntos)

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da sede electrónica da UDC
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título e do expediente académico
- Curriculum vitae

Lugar de presentación: Por correo electrónico a yparajo@udc.es

Prazo de presentación: 10 días desde a publicación da convocatoria no taboleiro da sede electrónica da UDC

Lugar de publicación da resolución de concesión do contrato: Taboleiro do departamento de matemáticas (Facultade de Informática, Campus de Elviña)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.